Integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.

Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

METODOLOXÍA MOTIVADORA

- Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.

- Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.

- Espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.

coherencia co exposto, aplicaremos:

AUTONOMÍA NA APRENDIZAXE

Como consecuencia dos dous puntos anteriores, concrétase nos seguintes aspectos:

- A utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.
- A gradación das actividades, cuxa xerarquización varía segundo a natureza de cada programa, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía.

A énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe, que inclúen unha reflexión sobre os contidos obxecto de estudo e unha revisión final.

Con todo o anterior débese facilitar:

a) A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial dos alumnos e das alumnas, atendendo ás súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ao afastado. Esta atención á diversidade requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora que pretende a Educación Primaria.comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.

b) comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.

c) Un clima afectivo rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, que procure a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e das alumnas.

d) O progreso do xeral ao particular, de forma cíclica, en función do pensamento globalizado do alumno e da alumna, integrando as áreas coa formulación de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais comúns, tendo en conta a transversabilidade do currículo.

e) A adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo.

f) O espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal, a interacción e a interrelación de iguais e de discente e docente.

g) A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.

h) A actividade constante do alumno e da alumna, xa que se entende como ferramenta básica da aprendizaxe autorregulada.

i) A flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da metodoloxía máis aconsellable en cada caso como nos aspectos organizativos espazo-temporais.

l) A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e do reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.

m) O xogo como elemento motivador fundamental na construción da moralidade, xa que regula o paso da heteronomía á autonomía persoal e social.

n) A creatividade de alumnos e de alumnas e de docentes, como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.

ñ) O tránsito desde a formación de conceptos e a aplicación de procedementos á construción de hábitos e á definición de actitudes, que culmine a consolidación de valores e o respecto polas normas.

o) O contacto escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

7.2 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Relación dos diversos materiais e recursos didácticos :

- Ordenador persoal
- Libros de texto.
- Libros dixitais interactivos ; editorial netex e a editorial planeta.
- Murais.
- Recursos multimedia (secuencias por bloques temáticos).
- Material funxible.
- Material manipulable e experimental propio da área.
- Recursos educativos (Internet).
- Encerado dixital.
- Materiais para a educación emocional.

Recursos Organizativos

A organización dos recursos materiais e persoais son un elemento básico para facer posible o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe-ensino. Algunhas das decisións máis relevantes no uso dos recursos didácticos e organizativos serán:

Establecer os mecanismos de coordinación de responsabilidades educativas (os instrumentos, os espazos e tempos de dita coordinación). Estableceranse as responsabilidades da comisión de coordinación pedagóxica, dos departamentos didácticos e dos equipos docentes en todas as medidas de atención á diversidade.

Definición dos principios xerais sobre metodoloxía e didáctica para a atención á diversidade. Definición dos criterios para a asignación dos espazos e para a distribución dos tempos na organización das medidas de atención á diversidade.

En relación coa organización dos espazos: atenderanse tanto os procesos educativos que favorecen a individualización da aprendizaxe como aqueles que son máis socializadores. Primeiro, en relación cos espazos comúns (corredores, patios, aseos, biblioteca, aulas de usos múltiples, laboratorios...) procurarase que sexan accesibles para todos os alumnos que presenten deficiencias de calquera tipo... Segundo, o interior da aula habitual deberá facilitar a realización dunha diversidade de actividades. O mobiliario será adaptado, lixeiro e funciona

En relación coa distribución dos tempos: en canto ao horario dos alumnos: aínda respectando as normas impostas desde a administración educativa, a atención á diversidade esixe certa flexibilidade para agrupar horas de clase distintas das ordinarias. Deste xeito facilítase a realización de actividades interdisciplinares, de agrupamentos flexibles de reforzo, profundizacións, etc. A coordinación do profesorado é un dos factores clave na organización e a eficacia da atención á diversidade. Aínda que, as previsións de traballo na aula e no centro escolar axustaranse realmente ó tempo disponible.

Establecer os criterios para a organización e a selección dos materiais curriculares e outros recursos didácticos necesarios para a atención á diversidade.

En relación coa organización dos materiais curriculares para o alumnado (libros cartografía, material de laboratorio, instrumentos musicais, material para educación física...) deben terse en conta algúns criterios como: uso compartido por todos os alumnos, que non sexan discriminatorios, que sexan seguros e adaptados á idade dos alumnos, que non sexan prexudiciais para o medio ambiente...

Este curso 2021-2022 debido á situación derivada da COVID-19, como norma xeral non se compartirá ningún tipo de material. No caso de ter que compartilo, haberá que desinfectalo despois do seu uso.

En relación cos materiais curriculares para o profesorado: deben ser recursos útiles e prácticos para a elaboración e o desenvolvemento do proxecto curricular, e para a elaboración das programacións de aula. Debe terse en conta que estes materiais respecten a pluralidade de opcións didácticas que pode seguir o profesorado

Actividades

As actividades que se expoñan serán prioritariamente coherentes coa capacidade que intentamos desenvolver nos obxectivos. Ademais, é interesante que sexan motivadoras e adecuadas para os alumnos a quen van destinadas, así como que manteñan unha orde ou estruturación coherente co que pretenden conseguir.

Podemos pensar en diversos tipos de actividades:

- * De Introdución- motivación: han de introducir o interese dos alumnos polo que respecta á realidade que han de aprender.
- * De Coñecementos previos: son as que se realizan para coñecer as ideas, opinións, acertos ou erros conceptuais dos alumnos sobre os contidos que se vai a desenvolver.
- * De Desenvolvemento: son as que permiten coñecer os conceptos, procedementos ou as novas actitudes, e tamén as que permiten comunicar aos outros a tarefa feita.
- * De Síntese-resumen: son as que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
- * De Consolidación: contrástanse as ideas novas coas previas dos alumnos e aplícanas aos aprendizaxes novos.
- * De Recuperación: prográmanse para os alumnos que non alcanzaron os coñecementos traballados.
- * De Ampliación: permiten continuar construíndo coñecemento aqueloutros alumnos que realizaron de xeito satisfactorio as actividades de desenvolvemento propostas.
- * De Avaliación: incluírían as actividades dirixidas á avaliación que non estivesen cubertas polas actividades dos tipos anteriores.

Resumindo, poderíanse agrupar en:

Actividades de Avaliación Inicial. Actividades deseñadas para avaliar os coñecementos previos do alumnado antes de iniciar o estudo de cada un dos temas.

Actividades de Reforzo e Ampliación. Actividades de reforzo e outra de ampliación permiten consolidar os coñecementos dos contidos do tema e ampliar algúns aspectos importantes.

Actividades de Avaliación Final. Seguindo o modelo das avaliacións de diagnóstico para a Educación Primaria permiten avaliar o nivel de logro de cada un dos Estándares de Aprendizaxe acadado polos alumnos.

8. AVALIACIÓN DO ALUMNADO

A avaliación deberá ser:

Continua e global, tendo en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo.

Contémpnanse tres modalidades:

Avaliación inicial (ó inicio de curso).

Avaliación formativa.

Avaliación sumativa.

Individualizada, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.

Integradora.

Orientadora, dado que achega ao alumno ou alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

Obxectivos

- Buscar a necesidade, a viabilidade, a idoneidade, a oportunidade, o aproveitamento e a rendibilidade do deseño e do desenvolvemento curricular.
- Actuar en función do alumno e da alumna, atendéndoos como persoas, tanto individual coma socialmente.
- Proporcionar datos de todos os participantes no proceso educativo: alumnado, docentes, deseños e desenvolvementos curriculares, etc., para poder decidir o que mellor conveña.
- Obter información cuantitativa e cualitativa sobre a asimilación do programa e, xa que logo, sobre a súa eficacia.
- Constatar que se van adquirindo e desenvolvendo as capacidades previstas nos obxectivos curriculares.
- Avaliar axeitadamente o aproveitamento docente-discente para poder orientalo da mellor maneira.

8.1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Deben cumprir os seguintes requisitos:

- Ser moi variados, de modo que permitan avaliar os distintos tipos de capacidades e de contidos curriculares.
- Dar información concreta do que se pretende avaliar sen introducir variables

- Utilizar distintos códigos (verbais, icónicos, gráficos, numéricos, audiovisuais,...) de modo que se adecúen ás distintas aptitudes sen que o código obstaculice o contido que se pretende avaliar.
- Ser aplicables en situacións estruturadas da actividade escolar.
- Permitir avaliar a transferencia das aprendizaxes a contextos distintos daqueles nos que se adquiriron, comprobando así a súa funcionalidade.

Os instrumentos a utilizar serán os seguintes:

1. Observación sistemática

Escala de observación

Rexistro anecdótico persoal

2. Análise das producións dos alumnos

Monografías

Resumos

Traballos de aplicación e síntese

Caderno da clase

Textos escritos

Producións orais

3. Intercambios orais cos alumnos

Diálogo

Entrevista

Postas en común

4. Probas específicas (controis)

Obxectivas

Exposición dun tema

Resolución de exercicios

5. Portafolio de evidencias

8.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das competencias do alumno de quinto curso de EP, a través de todas as actividades que leve a cabo.

Esta proposta pode valer como referente:

	Criterios
1. Traballo autónomo (aula e outros espazos).	<ul style="list-style-type: none"> • Realización sen axuda externa. • Estimación do tempo empregado para resolver unha actividade. • Grao de adquisición de aprendizaxes básicas. • Orde e limpeza na presentación. • Caligrafía. • Destrezas.

	<ul style="list-style-type: none"> • Revisión do traballo antes de dalo por finalizado. • Valoración entre o traballo da clase e o da casa. • Creatividade. • ...
2. Probas orais e escritas.	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración da aprendizaxe dos contidos. • Valoración dos procesos seguidos e dos resultados. • Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación. • Valoración do tempo empregado/tempo necesario para resolver unha actividade. • Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado. • Caligrafía lexible. • Tempo de realización. • Destrezas. • ...
3. Actividades TIC.	<ul style="list-style-type: none"> • Uso adecuado e guiado do ordenador e dalgunha ferramenta telemática. • Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade. • Tipo de participación (autónomo, con apoio ou ningunha). • Grao de elaboración da resposta. • Interese, motivación. • ...
4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de respostas...).	<ul style="list-style-type: none"> • Nivel e calidade das intervencións. • Mensaxe estruturada. • Uso de vocabulario apropiado. • Comportamento. • Esfuerzo. • Interese. • ...
5. Traballo cooperativo. Valoración individual e en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballo cooperativo. • Grao de comunicación cos compañeiros e compañeiras. • Resolución de conflitos. • Interese, motivación. • Creatividade. • Iniciativa. • Opinión persoal do traballo e de como se fixo. • ...
6. Arquivo de traballo individual.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación clara e ordenada. • Actualizado. • Razoamento da selección das producións que forman o arquivo. • ...

Avaliación Inicial: Valoraremos os coñecementos previos que se teñen sobre cada un dos aspectos avaliados establecendo se:

Son suficientes.

Se deben mellorar.

Se se descoñecen.

Avaliación Continua: O docente avaliará as actividades propostas no libro de texto e as Actividades de Reforzo e *Ampliación* a través dos estándares de aprendizaxe.

A avaliación de cada un dos estándares realizarase a partir dunha serie dos Subestándares de Aprendizaxe, concrecións dos Estándares de Aprendizaxe, que se avaliarán a través dos Indicadores de logro. Ditos indicadores avaliarán a adquisición de coñecementos e competencias en cinco niveis.

Avaliación Final: Realizarase unha Avaliación Final dos contidos.

A Avaliación realizarase igualmente a través dos Estándares de Aprendizaxe e os Indicadores de logro. O docente disporá dunha táboa na que se reúnen os Estándares de Aprendizaxe máis relevantes a avaliar en cada tema.

Tendo en conta os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación, a ponderación da cualificación do alumnado realizarase tal como segue:

.Actitude:10%.

Actitude individual:

Respecta as normas e as persoas (compañeiros e mestres)

Presta atención

Amosa interese e esfórzase

Actitude co grupo:

Respecta aos compañeiros de grupo

Molesta aos compañeiros

Traballa correctamente en grupo

Traballo individual:

Remata as súas tarefas

Orden, presentación e limpeza

.Tarefas:30%

Realiza as actividades propostas .

.Probas:60%.

Realización de probas específicas:

Probos de avaliación orais ou escritas, que permitan cuantificar a consecución dos obxectivos marcados.

ASPECTOS DA AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probos	60 %
Tarefas	30 %
Actitude e esforzo	10 %

Na área de **Educación Física**, ao ser un área con características específicas :

Execución de tarefas, actividades e esforzo : 70%

Actitude individual:

Nivel de execución das tarefas, exercicios e actividades físicas, expresivas e lúdico-deportivas.

Respecta as normas e as persoas (compañeiros e mestres).

Presta atención e amosa interese .

Realiza as actividades propostas na aula e se esforza buscando a superación das propias capacidades e limitacións .

Actitude co grupo:

Respecta aos compañeiros de grupo e traballa correctamente en grupo.

Amosa interese por axudar aos compañeiros/as .

Probas :20%.

Realización de probas específicas: execución física ou escritas, que permitan cuantificar a consecución dos obxectivos marcados.

Presentacións, traballos dixitais e actividades voluntarias:10%.

Realización de presentacións e traballos escritos sobre os contidos do curso coa plataforma eva edixgal.

ASPECTOS DA AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas	20 %
Execución de tarefas, actividades e esforzo	70 %
Presentacións, traballos dixitais e actividades voluntarias	10 %

Na área de **Educación Plástica**

Esfuerzo: 60%

- Realiza as actividades propostas na aula e se esforza buscando a superación das propias capacidades e limitacións .
- Respecta as normas.
- Presta atención e amosa interese .
- Respecta aos compañeiros de grupo e traballa correctamente en grupo.
- Axuda, colabora e non molesta aos compañeiros .

Realización das láminas: 40%

ASPECTOS DA AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Actitude e esforzo	60 %
Tarefas: láminas	40 %

8.3. AVALIACIÓN INICIAL DE DIAGNÓSTICO - 5º EDUCACIÓN PRIMARIA

A avaliación representa un dos pilares nos que se sustenta, ademáis da análise e a valoración dos logros acadados, a reflexión sobre o modo en que se desenvolven os procesos que nos levan a eles, o coñecemento das causas que poden estar facilitando ou dificultando eses procesos e a búsqueda de estratexias que axuden a melloralos. De ahí que a avaliación sexa un elemento clave para acadar una educación de calidade.

Debemos avaliar para mellorar os resultados da actividade educativa, polo tanto debe ser considerada como parte integrante do proceso educativo cunha función basicamente orientadora e de control da calidade.

Neste senso, estas probas de avaliación inicial de diagnóstico de competencia lingüística e matemática para o 5º nivel de E.P., pretenden ser un instrumento de diagnóstico para una posterior intervención, dado que o que se busca é detectar as dificultades de aprendizaxe e constatar en que elementos do currículo fallan. Partindo dos datos obtidos, deseñárase o reforzo educativo e os programas do proceso de ensino – aprendizaxe que se consideren precisos.

Estas probas aplicaranse na última semana de setembro e na primeira de outubro .

Teranse en conta os informes individualizados do curso anterior, as actividades individuais escritas e orais que se realicen e completárase con outros datos obtidos sobre o punto de partida desde que o alumno/a inicia as novas aprendizaxes.

Esta información será de especial relevancia para o deseño das medidas a adoptar en cada unidade didáctica, de forma que se repasen e introduzan os contidos non impartidos no curso anterior.

OBXECTIVOS

*Detectar as características dos alumnos-as da aula ao comezo do curso nalgúns contidos das competencias lingüísticas e matemáticas.

*Saber que alumnos presentan dificultades dende comezo do curso e cales son as súas carencias para posteriormente realizar con eles un programa de traballo.

*Informar ás familias sobre a situación inicial dos seus fillos-as para implicalos no proceso educativo.

ACTIVIDADES A REALIZAR

*Deseño das probas

*Diagnóstico global

*Corrección e recollida de resultados

*Análise dos resultados

*Diagnóstico individual

*Orientacións

*Seguimento

AVALIACIÓN INICIAL DE DIAGNÓSTICO

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA:

Esta proba divídese en 4 bloques:

BLOQUE 1: Lectura: velocidade, entonación, fluidez e comprensión lectora.

BLOQUE 2: Dictado – Ortografía

BLOQUE 3: Expresión escrita

BLOQUE 4: Gramática

COMPETENCIA MATEMÁTICA:

Esta proba divídese en 4 bloques:

BLOQUE 1: Numeración

BLOQUE 2: Cálculo e operación

BLOQUE 3: Resolución de problemas.

Interpretación de datos

Tratamento da información.

BLOQUE4: Xeometría

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ao longo desta programación didáctica terase en conta a atención á diversidade na aula. Así faremos unha análise e reflexión do seu grupo de alumnos/as aceptando que cada un ten os seus propios intereses, capacidades e necesidades. Polo tanto deberanse levar a cabo estratexias como: modificación dos tempos nas actividades de aprendizaxe adaptándose aos ritmos individuais de cada un; tamén se debe axeitar a metodoloxía ás diferentes necesidades do momento, reforzarse afectivamente ao neno/a a nivel persoal e social e adaptaranse as actividades ás diferencias individuais do alumnado, realizando actividades de reforzo e de ampliación e en cada unidade didáctica para atender dita diversidade e por iso terá un carácter aberto e flexible.

A resposta a esta diversidade é labor do centro en xeral polo que deberán estar recollidas no seu Plan de Atención á Diversidade unha serie de medidas encamiñadas a dar resposta ás peculiaridades de cada alumno/a, sexan de carácter xeral ou específicas, para facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe de tódolos alumno/as do centro.

MEDIDAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Deberán diferenciarse os alumnos que requiren necesidades específicas de apoio educativo en función das súas particularidades, que poden agruparse en:

Alumnos/as extranxeiros: aos que se lle favorecerá a súa integración no ámbito educativo, e desenvolveranse programas específicos para os que descoñezan a lingua e cultura española, segundo a Orde do 20 de Febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do extranxeiro.

Alumnos/as superdotados: aos que se pretende avaliar dende moi pequenos para detectar as súas necesidades e será a Administración quen adoitará as medidas precisas para facilitar a escolarización destes alumnos en centros nos que poidan recibir unha atención axeitada ás súas características segúndo o disposto no *Real Decreto 943/2003 do 18 de Xullo* polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para alumnos/as superdotados intelectualmente e tamén o disposto na *Orde do 28 de Outubro de 1996* pola que se regulan as condicións e procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos/as con NEE asociadas ás condicións persoais de sobredotación intelectual.

Alumnos/as con necesidades educativas especiais no que se agrupan alumnos con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais, e os que presentan graves trastornos da personalidade ou de conducta. Todos estes alumnos terán unha atención especializada e o sistema educativo deberá dispor dos recursos específicos para que alcancen os obxectivos xerais establecidos; e deste xeito a resposta á diversidade concretarase posteriormente a nivel da aula na programación e nas unidades didácticas que a compoñen e seguirase o disposto no *Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e o disposto na *Orde do 27 de Decembro do 2002* pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con NEE.

Debe sinalarse que a atención a estes alumnos con necesidades específicas de apoio educativo non debe desvirtuar o que debe ser a intención fundamental do centro educativo en xeral e de cada curso en particular, que persegue a educación integral de todos os alumnos e que se materializa na necesaria integración de todo o alumnado.

A Orientación Educativa organízase en tres niveis que van desde a acción titorial, desenvolta na aula, e as tarefas orientadoras que realizan os Departamentos de Orientación, ata as actuacións complementarias dos equipos de apoio externo. Aínda que cada un destes niveis ten funcións específicas, complementáanse entre si, dado que comparten a mesma finalidade e obxectivos xerais comúns: a personalización da educación e a contribución ao desenvolvemento dos obxectivos establecidos nesta etapa educativa.

Poderanse tomar medidas de reforzo como o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo. Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave.

A acción titorial está ligada a unha visión integral da educación, cuxo fin é a formación de persoas que, ademais de dispor de coñecementos, desenvolvan o conxunto das súas potencialidades e saiban desenvolverse no mundo actual.

Os principios que rexen a orientación e a acción tutorial concréntanse nos seguintes obxectivos:

- a) Facilitar a integración dos alumnos no seu grupo e no conxunto da dinámica do colexio.
- b) Potenciar o esforzo individual e o traballo en equipo.
- c) Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores; e a progresiva toma de decisións.
- d) Proporcionarlles aos alumnos unha orientación educativa adecuada, conforme ás súas aptitudes, necesidades e intereses, a través dunha actuación tutorial individualizada e planificada.
- e) Efectuar un seguemento global da aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais e recorrer aos apoios ou actividades adecuadas.
- f) Promover o desenvolvemento de habilidades sociais básicas, fomentando actividades de cooperación e solidariedade cos demais e aprendendo a resolver pacificamente os conflitos entre iguais.
- g) Favorecer procesos de mellora educativa a través da programación de actividades formativas por parte dos equipos docentes, e a coordinación co equipo de apoio, realizando as adaptacións curriculares necesarias.
- h) Contribuír á adecuada interacción entre os integrantes da comunidade educativa e establecer os cauces de colaboración, apoio e asesoramento coas familias para o logro dun desenvolvemento integral dos seus fillos e fillas.

ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN

As actividades de reforzo supoñen un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe, ás discapacidades sensoriais, físicas, psíquicas e sociais, aos grupos de risco, ás minorías étnicas, aos inmigrantes, e a calquera outra necesidade educativa diferenciada e especializada.

Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas.

Co ánimo de atender estas necesidades o profesorado utilizará os seguintes recursos como medidas de reforzo e de atención ao alumnado con necesidade de recuperación:

- Fichas de reforzo de cada unidade.
- Fichas de comprensión lectora.
- Fichas de ampliación de cada unidade.
- Reforzo oral e escrito de contidos que o precisen.
- Actividades de repaso dos contidos traballados no trimestre.

- Estableceranse os apoios precisos e elaboraranse fichas de recuperación, reforzo e ampliación en coordinación co equipo de neae.

10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Educación para a igualdade

- Conseguir unha visión do mundo libre de discriminacións e rexeitamentos por calquera tipo de razón política, social ou cultural.

Educación ambiental

- Ser conscientes da influencia da contaminación no cambio climático.
- Coñecer e valorar o medio como un sistema vivo.

Educación para a paz

- Respetar e valorar as experiencias e as achegas do resto dos compañeiros e compañeiras.
- Mostrar respecto e tolerancia coas persoas que te rodean, coa diversidade de culturas e coas diferentes formas de vida.

Educación moral e cívica

- Defender activamente os dereitos e os deberes de cada membro da sociedade e valorar o diálogo como instrumento para solucionar os problemas de convivencia e para transmitir ideas, pensamentos e opinións, respectando xuízos e opinións alleas.
- e facilitan a adquisición de competencias a todo o alumnado.

Educación para o lecer

- Demostrar actitudes positivas no desenvolvemento do tempo

A intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

11.PLANS QUE SE TRABALLAN NO CENTRO

11.1. FOMENTO DA LECTURA. PLAN LECTOR

Os **obxectivos** que se pretenden lograr son os seguintes:

- a) Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- b) Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- c) Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- d) Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- e) Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.
- f) Usar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer

Accións

a) Elección dos textos cos que se vai traballar, estes han de ser motivadores e axeitados ó nivel dos lectores, de contidos variados.

- Traballar a identificación da estrutura dos diferentes textos.
- As ideas principais e secundarias.
- O sentido dos distintos parágrafos e as relacións que entre eles se establecen.

b) A importancia da lectura en voz alta na comprensión lectora, xa que, a través dela, se estimula a recreación de sentimentos e de sensacións, ao mesmo tempo que serve como vehículo de ideas.

c) A automatización dun bo ton.

d) Unha correcta pronunciación.

e) Unha axeitada velocidade lectora son imprescindibles para que o lector poida consolidar a comprensión lectora.

11.2. COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

Para estruturar adecuadamente o traballo educativo das TIC no 5º Curso de Primaria, centrarémonos na transformación dos procesos de aprendizaxe a partir do uso das novas ferramentas e realidades tecnolóxicas. Non se trataría polo tanto, unicamente, de introducir cambios menores ou puntuais nas actividades formativas senón de iniciar a capacitación do alumnado na aplicación dos coñecementos e Competencias Clave que vaia adquirindo na redonda das TIC:

Para empezar esta tarefa, deberemos introducir ao alumnado no coñecemento e uso do ordenador mediante a súa utilización como recurso didáctico complementario para reforzar ou ampliar as aprendizaxes que se levan a cabo na aula. Os diferentes contidos e Competencias Clave traballaranse tanto desde o uso das ferramentas tradicionais como na realización de actividades interactivas, comentario de imaxes ou vídeos extraídos da Internet ou co apoio doutros contidos e aplicacións procedentes da web ou dos mass-media.

Por último, polo atractivo que os formatos dixitais teñen sobre o alumnado cabería incidir no uso das TIC nos procesos de adquisición das Competencias Clave relacionadas coa lectoescritura.

As formas de utilización das novas tecnoloxías na aula son as que se detallan a continuación:

1. Exposición do profesor apoiada nas novas tecnoloxías (encerado dixital).
2. Iniciación á informática.
3. Exercicio mediante programas educativos.
4. Aprendizaxe por investigación.

Preténdese transmitir os coñecementos básicos necesarios para poder utilizar as tecnoloxías.

Os contidos elementais que se deben desenvolver na aula son:

- Utilización dos compoñentes básicos do contorno gráfico do ordenador.
- Apertura e peche de aplicacións.
- Creación dun documento novo.
- Acceso á información contida nun pendrive.
- Acceso a páxinas web.
- Impresión de documentos.
- Utilización do disco duro e uso de dispositivos externos.
- Utilización dun navegador.
- Utilización de bases de datos sinxelas.
- Edición de documentos mediante procesadores de texto.
- Elaboración de presentacións multimedia
- Utilización dun buscador.

11.3. EMPRENDEMENTO

A comprensión consiste nun tipo de coñecemento flexible no que o alumno/a relaciona o que sabe con experiencias, valores e actitudes, produce algo novo a partir do que sabe, é dicir,

utiliza a información de forma novidosa, e esta flexibilidade mental é unha condición que está moi relacionada coa competencia emprendedora.

O concepto de comprensión que manexaremos refírese a procesos máis amplos que a simple memorización e entendemento. Ademais non se refire só a conceptos e teorías, senón tamén a marcos conceptuais, actitudes e valores. É difícil levar á práctica e adquirir un valor se non se comprende ben o seu significado nun campo amplo de situacións e experiencias.

O emprendemento, a competencia para emprender, pode definirse como un conxunto de subcompetencias, categorías ou dimensións básicas:

1. Dimensión da interacción social. Somos seres en relación, en comunicación con outros. Ningún proxecto de emprendizaxe ten sentido en solitario, a rede de persoas e contactos con clientes, provedores e outros profesionais é esencial. A cooperación con outros en proxectos de talento compartido multiplica os resultados.
2. Dimensión da motivación e a forza interior. A motivación de logro, as emocións proactivas, as crenzas positivas, a realización persoal, o desenvolvemento dos propios talentos e a autonomía persoal son esenciais para a emprendizaxe, para saír da zona de confort e afrontar os retos con ilusión e valentía.
3. Dimensión da mellora-innovación. A creatividade é unha ferramenta básica no emprendedor, a capacidade de satisfacer novas necesidades, mellorar procesos e achegar valor. Isto implica apertura e curiosidade, perseverancia, imaxinación e tamén rigor.
4. Dimensión ético-humanista. Os bos negocios fanos as boas persoas. Un negocio malo, desde o punto de vista ético, acaba sendo un mal negocio. Por desgraza vemos todos os días noticias e exemplos de malos negocios. O emprendedor/a necesita unha ética como principio persoal e tamén como estratexia a longo prazo da sostibilidade do seu negocio, construindo relacións de confianza cos seus clientes.
5. Dimensión simbólico-comunicativa. A capacidade de expresar as ideas en varios formatos comunicativos como debuxos, mapas, narracións, formas de falar tanto verbal como non verbal, é fundamental para a emprendizaxe, porque de nada vale ter boas ideas e proxectos se non sabemos vendelas, se non convencemos a sociedade disto, se non persuadimos.

11.4. EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL

Na educación actual é cada vez máis necesario dispor dun currículo no que valores, saberes, prácticas e comportamentos teñan como finalidade común conseguir que no futuro as alumnas e os alumnos participen plenamente nunha sociedade tolerante, solidaria, responsable e dialogante. A Educación cívica e constitucional contribúe á adquisición de habilidades e virtudes cívicas para exercer a cidadanía democrática, desenvolvendo o coñecemento das nosas institucións e do noso ordenamento xurídico básico e favorecendo a convivencia en sociedade.

Así, este elemento educativo transversal pretende o desenvolvemento das alumnas e os alumnos como persoas dignas e íntegras, o que esixe reforzar a autonomía, a autoestima e o afán de superación, e favorecer o espírito crítico para axudar á construción de proxectos persoais de vida. Tamén se contribúe a mellorar as relacións interpersoais na medida en que a educación cívica e constitucional favorece a utilización sistemática do diálogo.

Así mesmo, contribúese a adquirir o coñecemento dos fundamentos e os modos de organización das sociedades democráticas, a valorar positivamente a conquista dos dereitos humanos e a rexeitar os conflitos entre os grupos humanos e as situacións de inxustiza.

A identificación dos deberes cidadáns e a asunción e exercicio de hábitos e virtudes cívicas adecuadas á súa idade na redonda escolar e social, permitirá que os futuros cidadáns se inicien na construción de sociedades máis cohesionadas, libres, prósperas, equitativas e xustas.

A educación cívica e constitucional propón, ademais, o estímulo das virtudes e habilidades sociais, o impulso do traballo en equipo, a participación e o uso sistemático da argumentación, que require o desenvolvemento dun pensamento propio.

A síntese das ideas propias e alleas, a presentación razoada do propio criterio e a confrontación ordenada e crítica de coñecemento, información e opinión favorecen tamén as aprendizaxes posteriores.

Dende a Educación cívica e constitucional desenvólvense, así mesmo, iniciativas de planificación, toma de decisións, participación, organización e asunción de responsabilidades. A Educación cívica e constitucional entrena no diálogo e o debate, na participación, na aproximación respectuosa ás diferenzas sociais, culturais e económicas e na valoración crítica destas diferenzas así como das ideas. O currículo atende á construción dun pensamento propio, e á toma de postura sobre problemas e as súas posibles solucións. Con isto, fortalécese a autonomía das alumnas e dos alumnos para analizar, valorar e decidir, desde a confianza en si mesmos e o respecto ás demais persoas.

Favorécese, así mesmo, o coñecemento e o uso de termos e conceptos relacionados coa sociedade e a vida democrática. Ademais, o uso sistemático do debate contribúe especificamente a esta competencia, porque esixe exercitarse na escoita, exposición e argumentación.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Debido á situación derivada da COVID-19, neste curso 2021-2022, na primeira avaliación non se realizarán saídas e/ou visitas de tipo didáctico e cultural; este punto revisarase ao longo do curso dependendo sempre da situación socio sanitaria.

O centro, participará en todas aquelas actividades complementarias, preferentemente on-line, ou presenciais (tendo sempre en conta o “Plan de adaptación á situación COVID-19”) que lles poidan ofertar institucións e entidades públicas ou privadas, que se consideren axeitadas, oportunas e con interese pedagóxica para o alumnado.

Ao longo deste curso os alumnos/as do CEIP Plurilingüe Os Tilos participarán en actividades de carácter conmemorativo a nivel de aula, garantindo o estancamento dos grupos de convivencia estable, e tendo en conta en todo momento o “Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2021-202”.

Todas as actividades xerais ao longo do curso xirarán en torno ao Proxecto da biblioteca , “Tilandra no camiño”, onde se traballarán as emocións relacionadas coa arte. Levaranse a cabo diferentes actividades que se colgarán na páxina web do centro.

13. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Os Estándares de Aprendizaxe, considerados como concrecións dos Criterios de Avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítenos definir os resultados da aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Os indicadores de logro permítenos avaliar en cinco niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados en cada Estándar.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, á súa vez, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,...
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente. Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

Dentro do proceso de ensino e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo do alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que nos permitirán avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, para ser realizada ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte cadro:

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN. INDICADORES DE LOGRO

Temporalización: **TRIMESTRALMENTE**

	INDICADORES	VALORACIÓN (S-AV-N)	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Motivación inicial dos alumnos/as:			
1	Propoño e presento un plan de traballo, explicando a súa finalidade , antes de cada unidade.		
2	Plantexo situación introductorias previas ao tema que se vai tratar(dialogos, lecturas..)		
Motivación ao longo do proceso:			
3	Mantense o interese do alumnado partindo das súas experiencias.		
4	Comunico a finalidade das aprendizaxes, importancia, finalidade..		
5	Dou información dos progresos acadados e das dificultades atopadas.		
Presentación dos contidos/estándares de aprendizaxe:			
6	Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos/as.		
7	Estructuro e organizo os contidos dando una visión xeralde cada tema(mapas conceptuais, esquemas,que teñen que aprender, que é o importante).		
Actividades na aula:			
8	Plantexo actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades técnicas e instrumentais básicas.		

9	Propoño actividades variadas(de diagnóstico,introducción, motivación, desenvolvemento, de síntesis,de consolidación , de recuperaciónde ampliación e de avaliación).		
Recursos e organización da aula:			
10	Manteño una distribución axeitada do tempo.		
11	Organizo distintos agrupamentos en función do momento,da actividade, dos recursos...propiciando un bo clima de traballo.		
12	Emprego recursos didácticos variados (tics, audiovisuais,técnicas de aprender a aprender....) tanto para a presentación dos contidos como para apráctica dos alumnos, favorecendo un uso autónomo por parte dos mesmos.		
Instrucións,aclaracións e orientacións das tarefas dos alumnos/as:			
13	Comprobo facendo preguntas,que verbalicen o proceso... ,que os alumnos entenderon a tarefa que teñenque realizar.		
14	Facilito estratexias de aprendizaxe: como pedir axuda,como buscar fontes de información, pasos para resolvercuestións, problema, animo e asegúrome da participación de todos.		
15	Controlo frecuentemente o traballo dos alumnos: explicacións adicionais, dar pistas,feedback....		
Clima da aula:			
16	As relación cos meus alumnos dentro da aula, e as de eles entre sí, son correctas, fluidase non discriminatorias.		
17	Favorezo a elaboraciónde normas de convivenciaentre todos .		
18	Fomento o respecto entre o alumnado e propoño situación que faciliten o desenvolvemento da afectividade .		
Seguimento/control do proceso de ensinanza/aprendizaxe:			
19	Reviso frecuentemene os contidos,actividades propostas,os espazos , os tempos, os agrupamentos e os materiais utilizados.		
20	Proporciono información aos alumnos sobre a execución das tarefas e como pode melloralas		
21	No caso de que os obxectivos non fosen acadados, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.		
Diversidade:			
22	Teño en conta as habilidades do alumnado e os seus ritmos de aprendizaxe e en función delesadapto os distintos momentos do proceso de ensino-aprendizaxe(motivación,contidos, actividades.....)		
23	Manteño coordinación con outros profesionais (PT, AL,EOE, DO) para modificar e/ou adaptar o currículo aos diferentes ritmos de aprendizaxe).		